

Proxecto de colaboración

do IES Campo de San Alberto cos servizos sociocomunitarios para casos de alumnado con condutas disruptivas

1. Normativa

- Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE).
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, *Boletín Oficial del Estado*, 295, 10 de decembro de 2013¹.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, *Diario Oficial de Galicia*, 135, 15 de xullo de 2011².
- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, *Diario Oficial de Galicia*, 17, 27 de xaneiro de 2015³.
- Estratexia galega de convivencia escolar⁴.
- Documentos de centro: PEC, Plan de Convivencia, PXA.

2. Xustificación da experiencia

A normativa vixente establece como medida correctora de determinadas condutas do alumnado a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro. No IES Campo de San Alberto temos constatado que en non poucas ocasións esa medida non consegue un dos principios xerais das medidas correctoras: o carácter “recuperador” da conduta do alumnado sancionado (artigo 18 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).

A convivencia nun centro escolar ten que estar orientada polo principio xeral que a nosa lexislación establece para a educación: a formación de persoas autónomas, críticas, con pensamento propio. A educación debe facilitar o desenvolvemento persoal e a integración social do alumnado, que deberá ser capaz de rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os

1 https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf

2 http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110715/AnuncioC3B0-050711-4046_gl.html

3 http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2015/01/27/20150127_decreto_convivencia_escolar.pdf.

4 <http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/educonvives.pdf>

comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos⁵.

Partindo dese marco, a *Estratexia Galega de Convivencia Escolar* da Consellería de Educación define a convivencia como “a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa”.

Por outra banda, o artigo 19 da Lei de Convivencia prevé que o desenvolvemento dos programas de habilidades sociais, por exemplo, se fará en colaboración cos servizos sociais. Nesa liña *Estratexia Galega de Convivencia Escolar* reconece que a necesidade da participación e a implicación de numerosos axentes, “tanto daqueles que están decote inmersos no clima escolar como doutros que inciden, de xeito máis ou menos permanente, tanxencial ou esporádico, na convivencia”. A nivel social, o documento da Consellería de Educación propón o establecemento de accións conxuntas con outras institucións e organismos para dar resposta a problemas de conduta. O texto introduce, en segundo lugar, a elaboración de proxectos institucionais e de centro para facer fronte a estas situacións. O documento aposta por modelos integrados de regulación da convivencia en centros educativos a través da actuación en diversos planos, nos que as “medidas de intervención cunha dimensión sociocomunitaria” teñen unha importancia fundamental.

Ademais o Eixe 3 (“Apoio aos centros e á comunidade educativa”) establece como acción prioritaria resalta o papel que pode xogar “Os esforzos realizados conxuntamente entre os servizos educativos e outras administracións” na procura da mellora da convivencia, “fenómeno social que se estende alén das fronteiras físicas do centro educativo” polo que se impulsará a coordinación dos centros educativos coas institucións do contorno. Obxectivo prioritario da Estratexia galega será a “normalización de modelos de coordinación con outros servizos e institucións de familia e menores” (Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia).

3. A convivencia no IES

No IES Campo de San Alberto entendemos a educación como un proceso no que debe estar involucrada toda a sociedade e as súas institucións, en especial, a da localidade na que o centro desenvolve o seu labor. Entendemos que unha boa convivencia escolar mellora os resultados académicos e produce unha maior satisfacción da comunidade educativa ao mesmo tempo que, a pequena escala, contribúe a mellorar a convivencia na localidade na que o centro

⁵ Remítimos á Constitución española, á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), ao Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e do Bacharelato, e ao Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

desenvolve a súa actividade: Noia. Así queda recollido nun dos obxectivos do proxecto con que o actual Equipo Directivo presentou a súa candidatura: “Fomentar a apertura do centro á comunidade, incrementando as relacións coa sociedade, as asociacións e as institucións do concello”.

A documentación do Instituto recolle como obxectivo de centro, xa que logo, fomentar a súa apertura á comunidade, incrementando as relacións coa sociedade, as asociacións e as institucións da localidade. A literatura especializada, por outra banda, demostra que cando se pon a aprendizaxe no seu contexto resulta máis significativa. Aí están os exemplos como as comunidades de aprendizaxe ou das redes internacionais (Cidades Amigas da Infancia, Asociación Internacional de Cidades Educadoras, etc.): aumenta a titulación, descende o absentismo e a conflictividade, mellora a competencia emocional, fomenta a colaboración coas familias e a implicación na comunidade incide na vida da localidade na que o centro está inmerso.

O centro desenvolve a súa actividade nunha contorna coa que interactúa necesariamente. Como dicimos, ordenar as relacións entre o instituto e as institucións, máis o menos próximas, contribúe a mellorar os resultados académicos e produce unha maior satisfacción da comunidade educativa; e, ao mesmo tempo, contribúe, a mellorar, á escala que lle corresponde, o desenvolvemento comunitario, a convivencia na localidade na que o centro desenvolve a súa actividade.

Neste sentido, o IES Campo de San Alberto ten intención de solicitar á Consellería de Educación a aprobación dun proxecto de intervención que sirva para atender ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e ao que se vexa privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da aplicación dunha sanción (artigo 19 da Lei de convivencia). A cerna dese proxecto é que o alumnado vai dirixido poida realizar traballos para a comunidade fóra do centro. Existe disposición por parte do Concello de Noia para abrir algúns dos seus servizos para realizar eses traballos. As medidas poderanse desenvolver tanto durante a xornada lectiva como fóra dela. O centro, que supervisará os traballos, actuará como mediador entre e a institución colaboradora e o pai/nai/titor legal, que asumirá as responsabilidades que da mesma se deriven. O procedemento de actuacións estará recollido nun protocolo de actuación que implicará a aceptación da familia do alumnado implicado na realización deses traballos para a comunidade.

O IES Campo de San Alberto solicita da Consellería de Educación, xa que logo, permiso para a posta en marcha desta experiencia, que vai na liña do que recolle o Eixe 2 da *Estratexia Galega* que opta polo “fomento das liñas de investigación, prevención e inclusión baseadas no estudo de casos de éxito convivencial na educación galega” e recoñece o carácter de “banco de probas” da aquelas experiencias, como a esta que aquí se presenta.

4. Procedemento de actuación

1. O/a Director/a e o/a Xefe/a de Estudos, en colaboración, se procede, co Departamento de Orientación, analizan a pertinencia da medida segundo as necesidades do/a alumno/a.
2. Determínase, en colaboración coa persoa do Concello responsable na colaboración con este programa, a institución coa que se colaborará, a duración e o horario dos servizos e as tarefas concretas que realizar (comunicación telefónica ou por correo electrónico).
3. Convócase á familia para a comunicación da proposta. Levántase acta coa aceptación ou rexeitamento da proposta do centro por parte da familia.
4. Realízase e faise un seguimento do servizo na institución colaboradora.
5. Avaliase o servizo e comunicase á familia (Anexo II: ficha de seguimento e informe á familia).

5. Avaliación da experiencia

Durante o primeiro curso no que se desenvolva, con carácter trimestral, este procedemento será avaliado pola Comisión de Convivencia e pola Inspección educativa.

No caso de que a experiencia sexa valorada positivamente, será presentada aos órganos correspondentes e avaliada polo Consello Escolar.

	Indicador / Valoración
Institución	- Asistencia - Puntualidade - Realización das tarefas - Actitude - Iniciativa
Centro educativo	- Partes relacionados coa mesma conduta - Partes relacionados con outras condutas
Familia	- Valoración

